

O MUNDO DO MAR SEGUNDO A TRADIÇÃO ORAL**CORTE Nº 2 CINTA 8****NOME DO DOCUMENTO:**

MPG_SaVi_0008_002_en_0_05_25_id650_D

AUDIO DE REFERENCIA:

MPG_SaVi_0008_002_en_0_05_25_id650.mp3

INFORMACIÓN DA ENTREVISTA

Esta ficha recolle o segundo corte dos que se divide a oitava das 11 entrevistas realizadas a Antonio José Bernárdez Villaverde por Xosé C. Villaverde Román durante o verán de 1992 na zona de Moaña.

O informante fala das crenzas no mundo mariñeiro: as festas e procesións, as imaxes relixiosas que levaban no barco e como se realizaba a costume do viático.

NOTA DAS EDITORAS

No verán de 1992 Xosé C. Villaverde Román realizou unha serie de entrevistas na zona de Moaña. O obxectivo era recopilar información de primeira man a través de fontes orais sobre os traballos e a vida cotiá no mar en Galicia de cara a publicación dun libro que levaría por título “O mundo do mar segundo a tradición oral”. Os traballos supuxeron todo un exercicio de memoria viva, recopilando unha valiosa información sobre saberes tradicionais do mundo do mar de man das propias persoas protagonistas. O libro nunca se chegou a publicar, non obstante as gravacións orixinais recollidas forman agora parte do APOI, que dispón de tódalas entrevistas realizadas, así como das transcripcións e das análises das mesmas feitas e revisadas polos propios compiladores.

Na sede do APOI no Museo do Pobo Galego poden escoitarse as entrevistas completas. Nós elegimos presentar na rede as editadas (revisadas e cortadas en varias partes) polo propio compilador para optimizar o traballo de busca.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

DATOS DO CORTE

- **DATA(S) DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA:** 10 de agosto de 1992
- **INFORMANTE(S):** Antonio José Bernárdez Villaverde
- **RECOLLEDOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COMPILADOR:** Xosé C. Villaverde Román
- **COLECCIÓN:** Santos - Villaverde (SaVi)
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** O Carmen
 - Parroquia:** O Carmen
 - Concello:** Moaña
 - Provincia:** Pontevedra
 - País:** Galicia

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción fíxose nos 90 e foi revisada no 2021 polo propio compilador e o persoal do APOI.

Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal cual foron ditas. Nalgúns casos, o compilador introduciu notas a pé para aclarar termos ou expresións, ou ben para aportar algún dato relevante sobre o que está falando.

As partes nas que non se entende ben o que di o informante están sinaladas con: (?)

PALABRAS CHAVE

mar, mariñeiro, crenza, superstición, relixión, voto, devoción, ofrenda, Virxe do Carme, misa, festa, procesión, igrexa, imaxe relixiosa, refrán, enfermidade e morte, viático, encrucillada, camiño, rezo, muller, bruxa.

EDICIÓN DA PRESENTE FICHA: Sara Santalla Iglesias

TRANSCRIPCIÓN DO CORTE Nº 2 DA CINTA 8

P: ¿Facíanse votos, o que eran votos marinos?

R: Votos.

P: Votos sí, votos religiosos.

R: Facíanse votos según a creencia de cada persona, se as personas non creían...

P: Maioritariamente antes todo o mundo creía ¿non?

R: Vouche a decir unha cousa, mira. Antes a partir de 50 anos para atrás, os mariñeiros eran máis (?) votistas que había (?) contra a Virgen, sin coñecemento de causa, que non tiñamos coñecemento de causa por calquera cousa xa nos “cagabamos en dios”. Agora que temos máis coñecemento do que é a personalidade [corte]... El vivía aquí no... nesas casas, que están moi altas, antes de chegar arriba da... bueno... el tamén lle chamaban Villaverde, andaba conmigo ó mar, e por calquera tontería era o máis arrogante (?) que tiña abordo contra as sociedades. As sociedades... porque por calquera tontería de nada xa empezaba, E un día así díxenlle (?), bueno, el non creía en nada da relixión, pero como tiña sete ou oito a bordo, que eran da sociedade¹, e sempre tiñan reunións entre por eles, e eran o que máis atacaban era a relixión e dísenlle “¿Villaverde, mira, ti eres creiente?”, “eu creo” e se eres creiente entón como..(?)” “eu nesa porquería non creo”. “Eu nesa porquería non creo”.

P: Polos curas máis ben ¿non?

R: Bueno “si non crees nesa creencia. ¿Quen é a tua nai?, ¿quen é a tua nai?”. “Miña nai é miña nai que está aí” “¿e ti porque sabes que é a túa nai... Ti non te miraches nacer?. ¿Quen che dixo que eres fillo dela, díxocho túa nai ou o teu pai?. De maneira que vas a creer nunha cousa que non miraches, e ti as cousas que non miras non as queres creer, se ti te estás metendo mesmo na contrariedade da discusión, ti crees nunha cousa que miras, para creela tela que mirar, e eu pregúntoche agora a ti quen é a túa nai e mais o teu pai e dícesme ti que é fulano e fulana, e ti porque o sabes” “porque mo di a miña nai e mais os meus abuelos e tal” “¿pero ti sábese, mirachelo ti?. Non, porque é unha cousa que che din, non miraches, non pasaches por aí”.

P: E había moita ...

R: Irregularidá coma un mundo...

P: Moita creencia... en canto ó mar, no mar realmente a patrona era a virxen do Carmen.

R: Si, cada un ... Os pescadores non tivemos creencia ningunha, nin mala nin boa, porque acabamos agora de cagarte na virgen tal, tal., e de alí a un pouco, de devolver a conduta (?), virgen santísima, pedíndoche protección.

P: Si, por iso.

R: Xa invocabas a virgen para que te proteja e tal. Válgame dios!, e acabas de dicirte, cagarte en dios e deches golpe.

P: E xa entrabas en unha contradicción.

R: Unha contradicción. Eu quedaba parvo moitas veces. Dígocho de corazón que quedaba parvo no modo de explicarnos a vida. Non tiñamos un fundamento, porque o político, ás veces, vai coa política ¿non?. Pero nesta creencia da vida que ven así, que non sabemos como ven ou como non ven, porque eu na vida hoxe, necesito unha persona sea home ou sea muller, tres cousas, na vida, sen esas cousas non pode vivir, e refiérome, vamos nesa crenza, para vivir hoxe fai falta, primeiramente a salud. A salud non hai quen a pague.

P: Eso é indudable.

R: Se non hai salud nin a leva o demo nin a leva dios nin a leva nadie, se se perde non hai quen a recupere. A segunda, cando ven o peligro de andar pola vida a traballar para vivir, ter cuidado, ter suerte a non tropezar na vida, a non dar tropezoíns, porque os tropezoíns

¹ Cando fala da “sociedadá” pode referirse a algún tipo de asociación obreira, o que nos sitúa na etapa da II República.



que se dan, sea na vida particular sea na vida social, se se dan mal dados, arruína a vida para andar polo mundo adiante pola vida. E a terceira, e terceira é saber perder. Na vida hai que saber perder no momento. Ese era o consello que lle daba eu moitas veces, o saber perder moitas veces e canta máis razón teñas, e perdes, eles saben que tes razón e non cha queren dar. Pois, señor...perdes (?). Iso vale moito, porque na casa...na vida, na casa particular, moitas veces quero ganar, sea a muller, sea o home, sea o fillo, sea tal... pero hai esa palabra, saber perder, e dices alá vai a discusión! Porque, se ti queres ganar e o outro tamén quere ganar, porque ganar non pode ganar cada un. Ten que ter un fundamento, non se rompe nunca o antigo (?). Sempre se está discutindo e despois chégase ó que se chega, a un divorcio, sea familiar, ou sea particular as trompadas ou os paus ou os tiros...

P: Mire, e entón por parte de esas tres filosofías que ten usted da vida que son moi boas, pero me refiro ...(?) ó que estamos falando de antes, se os mariñeiros tiñan pouca creencia por un lado se estaban en contra e soltaban tacos contra a virxen e contra dios e contra todos sin embargo solían facerlle misas ¿non?

R: Misas e festas.

P: E festas por iso, e facíanlle ofrendas incluso.

R: Porque namais botaban contra a virxen ou contra a relixión soamente polo feito cando lle iba mal... (?). Agora viña a devoción, íbase as festas organizábanse as festas, organizábanse procesións e...(?) con moita devoción... aí entráballe a devoción.

P: Por iso. ¿Facíanlle moitas misas ó ano ou solamente o día da patrona?

R: Non, da patrona, da patrona de cada pa...(parroquia)..., a relixión ten varios patróns.

P: Si, o mar practicamente tiña a virxen do Carme.

R: E despois tiña o patrón de cada un. Patrón de Moaña San Martiño...de alá...

P: Si, cada parroquia tiña o seu patrón ¿E facíallese ofrendas aparte de... ?

R: Si home.

P: ¿Que tipo de ofrendas lle facían?

R: As ofrendas era a organización... organizar o momento que ven. Terminouse este ano e para o ano que ven.

P: E non lle regalaban ó mellor, o que sea, litros de aceite, un ano que tiveran bo de pesca.

R: Eso era moi atrás.

P: Ou galiñas ou iso ¿non lle ofrecían?

R: Iso era antes, moi atrás. Non, había romería ou deste santo que se organizara por aí por Moaña, que non houbera esa ofrenda, algúns hasta donaban cerdos, animais.

P: ¿Pero á virxen do Camen tamén? ¿Os mariñeiros que é o que máis lle donaban?

R: A todos os santos.

P: A todos os santos, pero eu me estou referindo ós do mar.

R: O día da virxen dábanlle unha... un (?) calquera de velas.

P: ¿Dábanlle velas, dábanlle cera?

R: Cera, moitas veces era máis cera que outra cousa.

P: E cartos tamén, cando salía en procesión ¿non?

R: Si. Salía en procesión, moitos había os adiptos alí, e cando salían as procesións ó arredor da igrexa, pois tiñan a donación de cartos, un dáballe unha peseta, outro dáballe un duro, outro dáballe un real, daquelas do que había antes ¿non?, e esa era a donación particular, ti agora estás donado a virxen do Carmen, a San Martiño pero viña a virxen por aquí, pois unha virxen que viñera calquera.

P: E cando se facía a procesión da virxe do Carmen ¿non viña hasta abaixo hasta á Plaia?

R: Non.

P: Non, facíase ó arredor da igrexa.

R: Cando fixeron esta misa² (?).

² Misa = refírese a igrexa. Dende o ano 1672 constátase a advocación moañesa a virxe do Carme. Normalmente celebrábase e celébrase o día seguinte de san Martiño, é dicir, o 12 de novembro, na igrexa



P: Non antes de facer a igrexa aquí.

R: Non viña máis que o (?) ao redor da igrexa. Agora esta, cando fixeron esta chegaba hasta o muelle³.

P: E non lle facían ofrendas ó mar, ou non tiraban unha corona polos finados, os mortos que houbera.

R: As ofrendas fixéronse (?) mortos (?) cando viñeron aquí, fixéronse moitas, máis polos mortos que por...

P: ¿E facíase desde San Martiño facíase unha procesión?

R: Desde San Martiño arriba non. Desde aquí, desde que fixeron esa igrexa...foi cando fixeron algunha xunta (?).

P: A igrexa de aquí, a do Carmen ¿E a virxen do Carmen tiña unha cofradía feita, había confrades?

R: Non.

P: Non había.

R: Había a igrexa. Entre o cura e uns cuantos que se axuntaban para facer a romería, pois (?)...

P: E solían facerse promesas ó mellor, por ter capturas boas ou que non tuveran ningunha desgracia, nin ningún naufraxio.

R: Non, facíanse peticións. Como se fai... dios nos axude!

P: E promesas, de ofrendas vamos.

R: Promesas. Se tomabas tanto, tomabas cual, dábaslle tanto, dábaslle cuanto, porque moitas veces, viña agora a virxen do Carmen, faltaban se acaso un mes, e non hai nada para organizar as festas de ofrenda a virxen, pois xuntáronse 14 ou 15 ou 20, entón eses 14 ou 20 veñen polas portas, así a ver se daban algo pa festa. Entón os armadores e mais os mariñeiros durante eses tempo que falta dónanlle unha parte, unha parte entre todos os mariñeiros do que ganen, unha máis para a virxen. Entón son 20 partes, máis unha para a virxen, sale do monte maior, e despois o armador dá o que el particularmente mira ¿non? como mariñeiro que anda no barco dona o que lle toca por mariñeiro e mais dona...

P: ¿Esa parte que era dun día ou dunha semana?

R: Do tempo que falte para a virxen.

P: ¡Ah! do tempo que falte.

R: Si falta un mes, un mes, si falta 15 días...

P: Desde que se fai a comisión para facerlle a festa...

R: E mentres os mariñeiros, ó acabárselle este ano, como era xente que era fija, o tempo non era tempo fixo, que non era tempo de.. fixo, pois duraba tres ou catro meses pero dun ano, e xa empezaban, empezaban a donar desde que se terminaba a ofrenda (festa?) (?). Terminouse agora “vamos para o mar”, “pois agora vamos ó mar e a pagar outra vez”, así como se fora ganando, íbase pagando a cota, é dicir, impoñíanse eles mesmos os mariñeiros unha cota a pagar. Pero aí non impera a relixión, non impera a relixión.

P: Que iban máis pola festa que polo sentido relixioso ¿non?

R: Non, nin pola festa tampouco. A xente por non ter... por ser analfabetos...por seren analfabetos.

P: ¿Si porque nin usaban a veces nin sequera escapularios...de?

R: Nin nada... Algún raro mirabas escapulario... pero nada...

matriz, situada no barrio de O Cruceiro. En 1913 o tenente alcalde José Parada (despois alcalde) organizou as primeiras festas no barrio de A Praia o 25 de xullo. Durante a ditadura de Primo de Rivera, o alcalde Ernesto Carballo potencia as festas patronais do Carme o 16 de xullo no barrio de A Praia e baixaban a imaxe da virxe dende a igrexa de san Martiño. No ano 1961 inaugúrase a igrexa do Carme no barrio de A Seara, lindando co barrio de A Praia, dividindo a freguesía de Moaña en dúas parroquias eclesíásticas, en tanto que politicamente segue manténdose Moaña como única freguesía.

³ Enténdese que cando fixeron esta igrexa a procesión coa imaxe chegaba ata o peirao, ben para facer a ofrenda ou para embarcala e facer unha procesión mariña das embarcacións moañesas.



P: O escapulario da virxen non se usaba ¿non? Prácticamente, había poucos.

R: Moi poucos, moi poucos (?) moi pouca xente, antes sempre se viu, case toda xente traía a virxen do Carmen ou calquera...(?) agora iso parece que lle estorba á xente no corpo.

P: ¿E nos barcos había así algún lugar para dedicarllo á relixión, ou para levar iso, un escapulario ou para levar a figura da virxen no puente, ou algo así?

R: Moitos barcos levaban un cuadro deses coa virxen.

P: Un cuadro. No puente ¿non?

R: No puente. E moitas veces si te mirabas en peligro, a xente arrodillábase (?) sempre a pedirlle protección e iso... moitas veces.

P: Moitas veces, cando había así temporal.

R: Si se acababa, acabábase agora de botar contra á virxen e ós cinco minutos de andar, topaches unha tormenta de vento e xa empezas a pedir perdón. Que che parou o motor, que te miras en peligro, que non topas un barco que te remolque. O teu sentido xa anda voando pola cabeza, pedíndolle a dios, pedíndolle a dios, pedíndolle á virxen, pedíndolle a todos en general. E chegamos do mar, chegamos en terra e imos á igrexa a aplicarlle (?) unha misa ó Carmen, eso é ser analfabeto.

P: E aplícase o refrán aquel que solo nos acordamos de Santa Bárbara cando trona ¿non?

R: Iso é verdade.

P: Si, cando había momentos de apuro, entón imploraba á virxen.

R: E teño visto completamente ateos, cando había a sociedade⁴ aí... descarados completamente. En feitos, eran (?) polo aire, non quería que o superan. Querían dar a cara en ese sentido, que eran socialistas, pero no momento que pasaban os feitos, eran os primeiros que botaban as mans á cabeza pedindo protección. Eran ignorantes completamente.

P: E dentro das casas tamén había algún sitio para ter un lugar para o culto para ter a imaxe da virxen.

R: Iso había antes. Había máis de...

P: Antes pasábase tamén unha virxen polas casas ¿non? Unha virxen do Carmen que iba metida nunha caixa de cristal e poñíanse unhas velas, esa pasaba botaba 15 días nunha casa, iba de casa en casa.

R: Antes, cando un individuo estaba enfermo, cando un individuo se poñía enfermo, estaba enfermo e poñíase máis grave, entón a familia trataba de traer a casa al Señor, e, eso que me dis (?), viña alumbrado e viña unha campanilla diante tocando, era el Señor que iba a visitar a un enfermo, si morría o enfermo antes de chegar xa o cura, non facía a cerimonia, agora salía da igrexa e iba tocando a campanilla e a xente acudía á campanilla porque sabía que iba o Señor alí, e cando chegaba á casa do enfermo dáballe entrada porque non podía entrar se non estaba vivo, se estaba vivo podía entrar, agora que se morría xa non podía dar entrada. Entón el Señor daba volta e si o recibiu iba tocando á volta.

P: Eso como lle chamaban ¿o viático? ¿Era o viático iso? non

R: Si, era o viático. Era o Señor cando iba a visitar. E resulta que despois desapareceu todo. Coma... agora mesmo, morría un individuo, sabes que iba... pasando polo camiño, co morto ó lombo, e todas as encrucilladas poñía a caixa na encrucillada, a encrucillada eran esas cruces que hai nos camiños ¿non? E rezaban, rezaban, rezaban, ó acabar de rezar, levanta o cadáver hasta tropezar con outra encruzillada, hasta que chegaras ó cementerio, á igrexa.

P: En cada encrucillada ...que eran cruce de tres camiños...

R: Morría. Facíanse os funerais. Enterrábase, facíalle unha misa e tal, e cando viñan de volta, viñan rezando as mulleres (?) co Señor no alto para acá (?). Cando lle facían o funeral, o funeral de cabo de ano ou eso, facían a mesma operación. O que non andaba era o

⁴ Cando fala da “sociedad” pode referirse a algún tipo de asociación obreira, o que nos sitúa na etapa da II República.



viático, o viático namais que iba para cando o individuo estaba o enfermo, acudía a facer a celebración.

P: E aparte diso, do viático eu sei que antes había unha virxen que a sufragaban entre varios e a levaban por casas, facían unha especie de caixa con un cristal adiante...

R: Iso non me dou conta. Eso é unha protección de creer que levaba a a virxe (?) tapada con rede a pedir polo pueblo.

P: Pero, ó mellor, quedáballe na súa casa unha semana e despois usté cando acababa coa virxen aqueles días pasáballe... o outro.

R: Porque é unha protección desta... home, vamos (?) do municipio, xuntábanse sete ou oito ou dez casas, ou aquí, outra e outra, dicían, “vamos a pedir para a virxen do Carmen”. Collían unha caixiña ponían a virxen do Carmen, e iban por todo, polo barrio, e iban pedinado polo barrio, non podían salir a outro barrio.

P: ¿E entónces a virxen que era de aquelas sete ou oito ou dez casas que xuntaban ou de toda a parroquia?

R: Non de cada un, de cada parroquia, do grupo da...

P: Do grupo que financiaba ese tipo de virxen.

R: Pódese facer dentro da parroquia, bueno como a... Meira ou Quintela... Quintela, vamos a poñer unha, e Tirán⁵ pode facer outra, e Meira outra, a así... Pero todas contan co (?) da virgen do Carmen, cando é a virgen do Carmen en Moaña tamén é a virgen do Carmen en Tirán, é máis en Quintela e en todo, (?) usábase moito, pero iso...

P: ¿Despois facíase algún tipo de votos marinos, facíase pinturas ou postales das vírxenes. Dentro de ese tipo de creencias había moitas supersticións, de decir que iba a dar mala suerte?. Ó mellor, o martes e 13, o refrán nen te cases nin te embarques, si cadraba en martes e 13 era signo de mala suerte, ¿había algún patrón que non quería salir ó mar ese día ou salían todos?

R: Salían todos. Agora que hai cousas como as bruxas. Coma ese que ibas ó mar e non pescabas, e moitos pescaban, (?). “Pois hai que ir ás bruxas, se non vamos ás bruxas...” E disque había unhas mulleres que andaban pola cabeza, polo corpo ó patrón ou iban ás embarcacións ás lanchas a facer unha cerimonia. Ese (?) ¿non?. Entónces pasaba eso... Esa crenza (?). ¿Por qué, non?

P: E ó mellor se miraba un gato negro ¿non? ¿Non era sinal de mala pesca? Igual que o páxaro agoreiro.

R: Ese ninguén creía (?)

P: ¿Non había páxaro de mal agoiro?

R: Era de.. Creíanse de...

P: Acordase así de algún tipo de creencias.

R: E que (?). Porque na pesca desas había. Moitas veces engañaban as bruxas en Cangas... en Cangas levaban un obxecto calquera a bordo do barco para darlle a bruxa e facer... e botarlle a cerimonia á bruxa... a bruxa a facer a cerimonia.

P: ¿Que tipo de cerimonia, sabe?

R: ¿Que sei eu?

P: ¿E levaban allos...?

R: Si

P: ¿Ó mellor para espantar ás bruxas? Allos ou eu que sei, ¿cardos, non levaban ou toxos?

R: Había por San Juan en todo ¿eh? eso xa non era...

[Continúa falando do San Xoán no rexisto O MAR 8.3. (ID 651)]

⁵ Meira e Tirán son parroquias de Moaña. Quintela é un barrio.